

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	7	245

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Na primeira infancia, toda a experiencia das nenas e dos nenos pasa polo coñecemento, o dominio e o coidado do propio corpo. O corpo, formado por segmentos e por órganos, medra, ten unha historia, está situado e móvese no espazo, ten que ser alimentado e coidado e conformarase como propio e diferente do das demais persoas. O coñecemento propio é un proceso de construción persoal permanente e continuo na vida das persoas que involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia. Así mesmo, durante os primeiros anos aparecen diversos sentimentos e emocións, ao tempo que as nenas e os nenos conforman a súa propia imaxe e a autoestima, que serán a base do logro progresivo da autonomía.

A área de Crecemento en Harmonía céntrase nas dimensións persoal e social da nena ou do neno, entendidas como inseparables e complementarias, que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica, aínda que só adquire sentido desde a complementariedade coas outras dúas, xa que se produce nunha contorna física e natural determinada e precisa da utilización de distintas linguaxes e representacións da realidade.

Desde o profundo respecto aos ritmos e estilos de maduración individuais, os procesos de ensino e aprendizaxe deben adaptarse ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo de cada nena ou de cada neno. Aténdese, polo tanto, ao desenvolvemento psicomotor, á adquisición paulatina do control de si mesmo e ao proceso gradual de construción da propia identidade, froito do descubrimento das súas posibilidades motrices e das interaccións consigo mesmo, coa contorna e cos demais. Neste proceso, partírase da experimentación libre da súa propia motricidade. Avanzarase desde a dependencia total da persoa adulta cara a unha progresiva autonomía, na medida en que cada individuo ha de integrar e utilizar os recursos e estratexias que lle facilitan un desenvolvemento axustado e adaptado da súa motricidade.

Os obxectivos da área identifican as actuacións que se espera que as nenas e os nenos sexan capaces de despreparar en relación co seu propio desenvolvemento persoal e social ao longo da etapa, como consecuencia da intervención educativa. Os tres primeiros obxectivos inclúen aspectos relacionados co seu propio desenvolvemento persoal: o progresivo

control de si mesmos que adquiren a medida que constrúen a súa propia identidade, comezan a establecer relacións afectivas cos demais e utilizan os recursos persoais para desenvolverse no medio dunha forma cada vez máis axustada e independente, valorando e confiando nas súas posibilidades calidades e respectando as dos demais. O último obxectivo atende á necesaria correlación entre a construción da propia identidade e as interaccións na contorna sociocultural en que aquela se produce, resaltando a importancia de propiciar e favorecer interaccións saudables, sostibles, eficaces, igualitarias e respectuosas.

Nas primeiras etapas do desenvolvemento, o propio corpo é fonte de experimentación, de aprendizaxes, de relación e de expresión e base da actividade autónoma. A contorna escolar debe proporcionar o contexto adecuado e o acompañamento necesario baixo unha mirada atenta, paciente e respectuosa, para que as nenas e os nenos poidan descubrir o pracer que lles proporciona a actividade por iniciativa propia, que é a súa principal necesidade en relación coa súa contorna, nun ambiente estimulante de seguridade, calma e tranquilidade. Dese modo, recoñecerán o seu corpo, global e parcialmente, as súas posibilidades perceptivas e de acción, expresión e movemento, así como as súas limitacións, e serán capaces de identificar as sensacións que experimenta, de gozar con elas e de servirse das posibilidades expresivas do corpo para manifestalas.

Adquire unha especial relevancia a representación gráfica do corpo que fai o alumnado, que deberá ser considerada como fonte de información do punto no que se atopa no proceso de interiorización do esquema corporal. Ao longo da etapa, acadarase un progresivo control do corpo cara a unha actividade

motora cada vez máis intencional. A adquisición de destrezas cada vez máis complexas será o resultado de responder á necesidade de utilizar instrumentos e ferramentas nas actividades cotiás e nos xogos motores, sensoriais, simbólicos e de regras.

O desenvolvemento da personalidade nesta etapa correspóndese coa construción da propia identidade, diferenciada das demais. A intervención educativa debe guiar e potenciar o logro dunha autoimaxe axustada e positiva en todos os aspectos. Para iso será necesario crear un clima de seguridade e afecto nas aulas onde o alumnado se poida expresar tal e como é, procurando o respecto e a aceptación polo grupo e considerando as súas singularidades e diversidade como parte única e valiosa da súa personalidade.

É a idade na que se produce o descubrimento da sexualidade e cando se inicia a construción sexual e de xénero. Toda interacción co persoal educador orienta e modela en gran medida a nena e o neno, xa que tende a imitar e a reproducir as estratexias de relación das persoas adultas que os rodean. Por iso é imprescindible identificar e erradicar, se é o caso, os posibles mecanismos de discriminación oculta que poidan persistir na contorna escolar e educar o alumnado desde o respecto cara a todas as manifestacións sexuais presentes na súa realidade.

O desenvolvemento da afectividade é especialmente relevante nesta etapa, xa que é a base das aprendizaxes e conforma a personalidade infantil. Por iso, debe traballarse desde o primeiro momento o recoñecemento, a expresión

e o control progresivo das emocións e dos sentimentos. A expresión instintiva das primeiras emocións, asociada sobre todo á satisfacción das necesidades básicas, evolucionará cara a formas progresivamente complexas e sofisticadas, conscientes das normas e valores sociais.

A interacción coa contorna proporciona unha información dun mesmo que contribúe, en gran medida, á construción da propia imaxe, ligada á súa vez ao desenvolvemento de sentimentos de seguridade, autoconfianza e autoestima. É necesario que o noso alumnado desenvolva a capacidade de valorar de maneira crítica a información que os demais achegan sobre a súa persoa, evitando deseñar a súa propia imaxe con base unicamente en consideracións externas e utilizando a devandita información para reflexionar e mellorar nesta construción persoal.

Os coidados deben responder a estándares de calidade e contribuír á toma de conciencia de si mesmo e das súas posibilidades. As necesidades deben atenderse nun clima acolledor e tranquilo que proporcione os tempos necesarios para que cada momento se viva como algo prazenteiro. Só a partir desa sensación de benestar, o resto de principios alcanza un valor significativo e global. Neste marco, a vida escolar organízase ao redor de rutinas estables, planificadas a partir dos ritmos biolóxicos e vinculadas á adquisición progresiva de hábitos saudables de alimentación, hixiene e descanso. De forma paulatina, incrementárase a súa iniciativa para incorporar nas súas prácticas cotiás os hábitos que contribúen ao coidado do propio corpo e dos espazos nos que transcorre a súa vida cotiá, en paralelo ao desenvolvemento da autonomía persoal e ao despertar da conciencia da relación de interdependencia e ecodependencia entre as persoas e a contorna. Teranse en conta as características individuais de todo o alumnado á hora de afrontar e de realizar as devanditas rutinas, para o que se respectarán os tempos ou as adaptacións que sexan necesarias. Así, producirase o progreso desde a dependencia completa cara a unha certa autonomía na satisfacción das súas necesidades e na adquisición de hábitos sostibles e ecosocialmente responsables.

O establecemento de vínculos afectivos de calidade coas persoas significativas que o rodean potenciará a interacción e a curiosidade infantil por coñecer e comprender como funciona a realidade. Coa incorporación á contorna escolar, descubrirán a súa pertenza ao medio social: ampliáanse de maneira significativa as relacións interpersoais, xéranse novos vínculos e desenvólvense actitudes como a confianza, a empatía e o apego, que constitúen a sólida base para a súa socialización. A aula convértese nunha pequena comunidade de convivencia na que se desenvolven as habilidades sociais e cada persoa pode expresar as

súas necesidades respectando as das demais, entendendo que as pautas elementais de convivencia se derivan do respecto mutuo e aprendendo a cooperar e a convivir a través da xestión, resolución e prevención dos conflitos de maneira dialogada e evitando calquera tipo de violencia e discriminación.

A diversidade étnico-cultural posibilita o acceso das nenas e nenos aos diversos usos e costumes sociais desde unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer as diversas manifestacións culturais presentes na sociedade e, deste xeito, xeráranse actitudes de aceptación, respecto e aprecio.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1		
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1				1	1		
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Así son eu	Ao longo deste proxecto que terá lugar durante todo o curso escolar, abordaremos todo o relacionado co corpo humano, as súas partes e a totalidade. Traballaremos o respecto polas diferenzas e a diversidade como fonte de riqueza. A alimentación saudable e os hábitos de vida. A expresión das emocións e sentimentos.	80	X	X	X
2	Os animais	Nesta UD traballaremos distintos aspectos relacionados co mundo animal: a súa alimentación, ciclo de vida, características... así como o coidado e respecto pola fauna.	40	X	X	X
3	As plantas e as árbores	Nesta UD abordaremos aspectos tan importantes como a educación medioambiental e o respecto ao medio natural. Coñeceremos distintos tipos de plantas e árbores e o ciclo de vida das mesmas.	40	X	X	X
4	Coñecemos aos outros	Nesta UD centraremos en coñecer características individuais e persoais dos nosos compañeiros/as, respectando as diferenzas. Os seus gustos e intereses.	40	X	X	X
5	O meu lugar no mundo	Coñeceremos a través desta UD determinadas características da nosa zona: monumentos importantes, obras, museos, establecementos...	45	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Así son eu	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	TI
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Entende e respecta a diversidade na aula.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Entende e xestiona as súas emocións e sentimentos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda e ofrécena aos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa cumprindo as normas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa en xogos simbólicos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos,

Contidos

- vivencias, preferencias e intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuizos.

UD	Título da UD	Duración
2	Os animais	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	TI
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda e ofrécéa aos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa cumprindo as normas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa en xogos simbólicos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	As plantas e as árbores	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	TI
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda e ofrécéa aos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa cumprindo as normas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa en xogos simbólicos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan.

Contidos

- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	Coñecemos aos outros	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	TI
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Entende e respecta a diversidade na aula.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Entende e xestiona as súas emocións e sentimentos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda e ofrécena aos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa cumprindo as normas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa en xogos simbólicos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. - Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá. - Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	O meu lugar no mundo	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	TI
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Entende e respecta a diversidade na aula.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Entende e xestiona as súas emocións e sentimentos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda e ofrécéa aos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa cumprindo as normas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa en xogos simbólicos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.

Contidos

- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Unha adecuada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, é fundamental para a consecución das intencións educativas.

En canto aos espazos, dispoñemos de espazos propios e de uso común para compartir, para estar sós, para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. A súa distribución ten en conta as necesidades dos nenos/as, de movemento, autonomía, afectivas...

Os materiais curriculares, adecúanse aos tipos de contidos, ás características individuais do alumnado... E ademais son mediadores no proceso de ensino aprendizaxe, tanto positiva como negativamente.

Na aula están presentes elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación co entorno, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar.

En relación ao tempo, a organización deste, debe responder a unha intención educativa. Va ligado á actividade do neno/a e ten que ter en conta os seus ritmos biolóxicos. A flexibilidade é o primeiro criterio que consideramos indispensable para levar a cabo a acción educativa.

Hai que destacar a importancia do XOGO como actividade propia da etapa e motor de aprendizaxe dos nenos/as, garantindo a motivación e ganas de aprender, necesarias para a construción de aprendizaxes significativos. A afectividade debe ser o fío condutor de todas as situacións de e-a.

O neno/a debe ser o protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe (empoderamento), para o cal debe sentirse un explorador activo, poñendo á súa disposición os medio que o possibiliten, así como tamén o acceso a obxectos e a novas fontes de coñecemento. Debemos permitir que asuman pequenas responsabilidades que pouco a pouco serán máis complexas, de forma que avancen en autonomía e valore os seus logros e esforzos, así como os das outras persoas.

Levaremos a cabo actividades en gran grupo, pequeno grupo e a nivel individual, para lograr unha interacción máis específica coa persoa docente.

A educación infantil alcanza o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo dos nenos/as: o equipo docente, as familias e o entorno. En canto ás familias, destaco a iniciativa das MOCHILAS VIAXEIRAS que parten da biblioteca do centro.

Para abrirse ao entorno, non debemos desaproveitar o potencial educativo das saídas e visitas, planificadas debidamente, programando actividades para antes, durante e despois da experiencia, para sacarlles o maior rendemento posible.

Existen uns principios de intervención educativa, os cales tampouco debemos esquecer para levar a cabo a nosa acción pedagóxica de forma adecuada.

Destaco o principio de globalización, que favorecerá a construción de aprendizaxes significativos, seguindo a Decroly.

O principio de actividade e de socialización, importante para que o neno/a se sinta integrado no grupo polos mestres

e mestras. Por iso, temos que promover situacións nas que os nenos/as dialoguen, se comuniquen e interaccionen.

O principio de individualización, baseado na atención aos intereses, ritmos, necesidades e estilos de aprender de cada alumno/a tendo en conta a diversidade da aula. É dicir, supón individualizar a ensinanza, adaptala a cada neno/a, xa que todos somos diferentes.

Na miña intervención educativa, terei en conta tamén outros recursos didácticos básicos, como:

- As rutinas da vida cotiá: son as cousas que suceden todos os días como o momento de entrada e saída, o momento de pasar lista, poñer o calendario.... Estos marcos proporcionan un criterio de constancia e regularidade e permiten ao neno/a establecer relacións de tempo esenciais: o antes, o despois...

- O xogo. Se considera a actividade máis global e creativa que os nenos/as poden realizar. É o medio de aprendizaxe que favorece o desenvolvemento xeral e persoal do neno/a. A través do xogo os nenos/as exploran a realidade e os obxectos que os rodean, melloran a súa axilidade física, experimentan cos seus sentidos, e desenvolven o seu pensamento.

- O conto: é un elemento motivador que axuda a recrear a linguaxe. Sirve para motivar a súa necesidade de dialogar cos outros e adquirir vocabulario. Grazas aos contos, os nenos estimulan non só a capacidade de falar senon tamén a de escoitar. Ten un gran valor pedagóxico, xa que é unha fiestra aberta á maxia, fantasía e imaxinación dos nenos/as e ao mundo exterior.

- As relacións coas familias, é fundamental para que se produza un desenvolvemento educativo equilibrado dos nenos/as.

- A importancia dos travases nesta etapa educativa resulta fundamental. Os travases son exercicios óculo manuais que axudan ao desenvolvemento muscular. Consisten en traspasar substancias, xa sexan líquidas ou sólidas de un recipiente a outro, vertelas... ben coas mans ou con algún elemento como pinzas, culleres, botellas...

Cos travases o neno/a adquire determinados beneficios para o seu proceso de desenvolvemento como: desenvolven a musculatura, favorecen a coordinación man-ollo, contribúen á evolución e a motricidade fina, fomentan a atención e a concentración, aumentan a autonomía e a independencia, inician en conceptos matemáticos como cheo- vacío, todo- nada, dentro- fóra..., favorecen unha aprendizaxe divertida e a vida en grupo...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Elementos naturais.
Materiais de refugallo.
Materiais elaborados polo alumnado e polas familias.
Material funxible, como cartolinas, periódicos, rotuladores, folios de cores...
Material elaborado polo profesorado.
Material mercado.
Material relacionado cos distintos espazos da aula: materiais para o xogo simbólico, para desenvolver as habilidades lóxico- matemáticas, materiais de iniciación na lectoescritura...

O material pode variar en función de distintos aspectos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a avaliación inicial, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, da bagaxe cultural que cada neno/a leve consigo, co fin de que o seu aprendizaxe sexa significativo.

Como mestres/as, nesta etapa educativa, partiremos da observación directa e sistemática como medio principal á hora de levar a cabo a avaliación inicial para coñecer de onde parte o alumnado, qué coñece e qué quere coñecer.

Teremos en conta tamén as informacións aportadas polas familias nas entrevistas iniciais así como os datos recabados nestas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores. O alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polos mestres/as que interveñen co grupo de alumnado.

Criterios de recuperación:

Non procede para a etapa de EI.

6. Medidas de atención á diversidade

As actividades propostas terán un carácter globalizado, a partir de problemáticas próximas aos nenos/as, e integradoras de aprendizaxes dos diferentes tipos de contidos.

Prestaremos especial atención ás diferenzas individuais do noso alumnado. Axustaremos o tipo de axuda pedagóxica ás características e necesidades dos nenos e das nenas para facilitarlles a aprendizaxe prevista.

A nosa actividade irá encamiñada a favorecer a socialización dos nenos/as, para que se sintan membros dun grupo cuns dereitos e unhas obrigas que cumprir.

Cada neno/a terá diferentes intereses, capacidades e necesidades, polo cal será preciso adoptar unha serie de estratexias que garantan a atención a esta diversidade. Estratexias tales como:

- Modificación dos tempos; nas actividades de aprendizaxe, adaptándose aos ritmos individuais de cada alumno/a.
- Adecuación dos espazos; en función da tarefa e necesidades do alumnado.
- Adecuación da axuda pedagóxica; valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos e momentos de avaliación.
- Adaptación da metodoloxía ás necesidades de cada momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado.
- Ofrecer oportunidades múltiples e variadas de aprendizaxe
- Compensar as desigualdades de partida
- Prestar máis atención aos procesos que aos resultados que obteña o alumnado
- Evitar actividades estandarizadas de execución colectiva
- Realizar unha programación aberta e flexible, que permita acomodar o proceso de ensino ás características e necesidades de cada neno/a e de cada momento
- Ser guía, orientadora e mediadora do proceso de e-a
- Poñer en práctica unha educación compartida, que se traduce nunha boa coordinación e colaboración entre todos os docentes e a súa vez coas familias.

Os principios de intervención educativa os concretamos deste xeito:

- Aprender a aprender e aprender facendo.
- Partir dos coñecementos previos que nenos e nenas teñen sobre o tema. Unha vez coñecidos, íranse presentando os novos que teñan significatividade lóxica e psicolóxica a través das actividades que esperten o seu interese e motivación.
- Prestarase especial atención á adecuada distribución do espazo e do tempo co fin de que nenas e nenos sexan os protagonistas da súa aprendizaxe.
- Enfoque globalizador, entendido como potenciador do desenvolvemento da capacidade de comprensión, que lle permita ao alumnado relacionar as informacións ou experiencias novas que vai descubrindo, integrándoas e incorporándoas para favorecer a construción de coñecementos.
- Crear situacións de aprendizaxe nas que podan facer propostas, tomar decisión, organizar e anticipar as súas accións.

Ademais destas medidas, en cada unidade, e cando sexa preciso dependendo das necesidades, realizaranse actividades de reforzo e ampliación. De reforzo que tratan de influír positivamente sobre a estima e o autoconceito do alumnado e a través de actividades de ampliación que permiten a continuación do proceso de construción de novos coñecementos.

En todo momento se tentará que os nenos/as vaian desenvolvendo as diferentes competencias que establece a LOMLOE, impregnando a nosa práctica educativa a través das diferentes áreas de coñecemento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Educación para a paz, educando para a convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, o respecto, a non discriminación...	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde, fomentando nos nenos/as a adquisición de hábitos de saúde, orde e limpeza.	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade entrámbolos dous sexos, eliminando roles sexistas, fomentando a coeducación.	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación medioambiental, aprendendo a valorar, respectar e coidar o entorno.	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumidor, adquirindo actitudes responsables de cara ao consumo.	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación vial, adquirindo algunhas normas de actuación na rúa.	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.7 - Educación intercultural, adquirindo actitudes de interese e respecto por toda as persoas, sen discriminación por razóns de raza, cultura ou relixión.	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades relacionadas co coidado da natureza.	Recollida de elementos naturais na contorna.	X	X	X
Actividades propostas polo concello.	Obradoiros, obra Nadal no Pazo da cultura...	X	X	X
Actividades de animación á lectura.	Contacontos, obradoiros propostos pola biblioteca do centro...	X	X	X
Participación nas festas e celebracións do centro (magosto, samaín, día contra a violencia de xénero, día da paz, Entroido, día do libro, día das letras galegas).	Festividades e conmemoracións reguladas pola Orde de calendario escolar para o presente curso académico.	X	X	X
Saída de fin de curso.	Pendente de concretar.			X
Actividades relacionadas co proxecto do centro: "Emocion-arte na Cristina".	Visita a unha panadaría próxima na localidade de Coristanco.	X	X	X

Observacións:

A maioría das actividades que se desenvolverán ao longo do curso están aínda pendentes de concretar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
As actividades son apropiadas para o alumnado.
Os elementos curriculares aparecen presentes nas actividades que se propoñen.
Tense en conta a diversidade como fonte de aprendizaxe, adaptando as propostas cando sexa preciso e necesario.
Empréganse materiais diversos.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
A temporalización das actividades é adecuada adecuada.
Os ítems de avaliación gardan coherencia cos obxectivos e contidos propostos.

Existe coordinación entre tódolos membros da comunidade educativa.

Descrición:

Os ítems de expostos teranse en conta á hora de avaliar o proceso de e-a.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados